

FICHA DE VERBOS 13. INFINITIVO CONXUGADO

Repasa a teoría [aquí](#).

Lembra como se conxuga o infinitivo:

cantar, cantares, cantar, cantarmos, cantardes, cantaren.

1. COMPLETA CO INFINITIVO CONXUGADO

- a) Para chegar (nós) _____ a tempo, cómpre bulir.
- b) Despois de saír (vós) _____, fechade a porta.
- c) Ao pendurar (ti) _____ o xamón, rompiches a cadeira.
- d) Comprou coche para chegar (el) _____ antes ao traballo.
- e) Enfadeime con eles por falar (eles) _____ mal de min.
- f) Tireille unha foto para ter (eu) _____ unha lembranza del.
- g) Non pode haber dificultades para usar (nós) _____ o galego sempre.
- h) Non poñas tantas dificultades para me emprestar (ti) _____ o libro.
- i) Non é tan difícil gañar (eles) _____ a partida.
- j) Sen comprar (vós) _____ fariña, non poderedes facer o pan.
- k) Ao recoller (ela) _____ os cinceiros, rompeu un.
- l) Rebaixáronlles o soldo por faltar (eles) _____ moito ao traballo.

USOS DO INFINITIVO CONXUGADO

Lembra: o infinitivo non pode conxugarse cando:

1. **Forma parte dunha perífrase verbal** (Han ser as doce e media)
2. **O infinitivo é impersoal** (Prohibido correr nas aulas)
3. **O infinitivo depende dun verbo causativo** (Mandoulle facer os exercicios)
4. **O infinitivo depende dun verbo perceptivo** (Viuno copiar no exame)
5. **O infinitivo depende dun verbo modal** (Queren atopar outro traballo)
6. **O infinitivo depende dun verbo de movemento** (Ide contarlle a verdade)
7. **O infinitivo ten valor imperativo** (Calar todos dunha vez!)
8. **O infinitivo vai trala preposición “de” e é MOD dun adx.** (Foi un ano imposible de esquecer)

2. EMPREGA O INFINITIVO CONXUGADO CANDO SEXA POSIBLE.

Cando non sexa posible empregalo, indica o motivo da seguinte maneira: perífrase verbal, impersoal, verbo causativo, verbo perceptivo, verbo modal, verbo de movemento, valor imperativo, modificador dun adxectivo.

Ex 1 Tes que **atender** ás explicacións.

Atender: non se pode, perífrase verbal

Ex. 2 Despois de **chegar**, puxémonos a conversar un anaco.

Chegar: chegarmos

a) Por non **estudar** nada, vas **levar** un suspenso.

Estudar:

Levar:

b) Ao **morrer** nácese outra vez.

Morrer:

c) Para **chegar** a esa conclusión cumpriría **ver** novas probas, e que nos puxésemos a **traballar** en serio.

Chegar:

Ver:

Traballar:

d) De **chegar** a algo, non será polos esforzos que ti mesmo fas.

Chegar:

- e) Ao **decidir** o futuro da empresa cometemos graves erros de apreciación comercial; ben nos debiamos **decatar** de que a realidade era outra, e **pór** os alicerces dunha sociedade competitiva nas novas tecnoloxías da información.

Decidir:

Decatar:

Pór:

- f) Sen **realizar** algunhas melloras na explotación nunca tiraredes grande rendibilidade; con **facen** a estabulación libre e uns silos máis amplos, xa poderíades **producir** a bo prezo na S.A.T. Os Parentes.

Realizar:

Facen:

Producir:

- g) Decidimos **facen** unha longa viaxe aos Estados Unidos para **ver** o sitio onde caeron as Torres Xemelgas no 2001 e **apreciar** as belezas da cidade; en caso de **acharnos** a gusto, prolongariamos a estadía.

Facen:

Ver:

Apreciar:

Achar:

- h) Entre **saír** nós e **chegar** ti non pasou unha hora.

Saír:

Chegar:

- i) Perderon unha boa cantidade de diñeiro ao **rexear** o premio por diferenzas coa Xunta.

Rexear:

- j) Gustaríanos moito **poder participar** nesa competición atlética, facilmente puidésemos **chegar** á final.

Poder:

Participar:

Chegar:

- k) Por non **estar** na casa non che puidemos **entregar** os telegramas.

Estar:

Entregar:

3. TRANSFORMA AS PARTES SALIENTADAS EN NEGRÍÑA NAS SEGUINTE ORACIÓNS PARA EMPREGAR O INFINITIVO CONXUGADO (Coidado cos pronomes).

Ex. **Despois de que marchases**, púxose a recitar.

Despois de marchares

- a) **Así que llelo contamos**, desfacíanse en gargalladas.
- b) **Cando o sacaron** do coche en chamas, xa era demasiado tarde.
- c) Cómpre **que andedes** máis lixeiros para **que chegedes** con tempo.
- d) Nesta piscina fai falta **que saibades** nadar.
- e) Non é necesario **que vos mergullede**s ata o fondo.
- f) Non estaría mal **que collese**s o primeiro tren para Ourense.
- g) **Se foses** un bo fillo, faríasmes moitos presentes.
- h) **Se os indios fosen** sempre os bos, esas películas veríanse menos en USA.
- i) **Como non vendamos** os electrodomésticos, non teremos nin para comer.
- j) **Como non te presentes** a retreta, darante por desertor.
- k) **Para que achásedes** ouro, teríades que vir cen anos antes.